



ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación
DA CORUÑA

MELIDE

O PP defende a legalidade da viaxe realizada polo Concello a Sicilia P10

COMARCA

Ultiman as obras no castelo de Pambre para abrilo ás visitas en xuño P15

CULTURA

Pulpigrino promociona Melide cunha serie emitida en YouTube P19

ENTREVISTA



**Juan José Segade,
Recambios
Sando P23**

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 123. Abril 2016. Distribución gratuíta

É tempo de Foliada

A XII edición rende homenaxe ás pandereteiras e estrea curtametraxe

A Foliada de 2016 vai ser unha chuvia de ferreñas e só elas serán quen de empapar aos centos de persoas que se acheguen a Melide os días 22, 23 e 24 de abril para gozar dunha das citas máis importantes que se celebran en Galicia arredor da música tradicional. A Asociación O Castelo, entidade organizadora dunha festa en constante progresión, estreará no marco desta edición unha curtametraxe producida en exclusiva para o evento. P17



Un museo de arte sacra para a capela de San Antón



Turismo Melide

Funcionaría como complemento do museo xa existente e albergaría pezas de alto valor artístico e económico que corren risco nos templos onde están . P19

Licitan a rehabilitación da ponte medieval de Furelos



O Ministerio de Fomento incluíuna no seu proxecto para restaurar monumentos de interese no Camiño francés. Investirase medio millón de euros. P12

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Paus de cego

Non se nota na escala local, pero si na escala global e mesmo na autonómica, como empezan a denunciar certas voces do sector empresarial galego das que aquí nos facemos eco: o encerellamento político que estamos a presenciar dende as eleccións de decembro e a incerteza sobre o que vai pasar está arrefriando o investimento das empresas e, como consecuencia, tamén o mercado laboral.

Abonda con botarlle unha ollada ao indicador galego de confianza empresarial, elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que caeu un 13% no primeiro trimestre de 2016. É o peor dato dos últimos catro anos. A manifestación práctica disto son investimentos de rutina, cativos e cautos, que non contribúen para nada ao crecemento económico.

Contrátase menos ao tempo que se despide máis. Entoemos o mea culpa porque como sector empresarial tamén temos as nosas propias víctimas: os traballadores e traballadoras. Unha das consignas de moda en materia laboral é a de despedir canto antes en caso de que sexa necesario facelo porque se cambia a cor do goberno pode acabar saíndo máis caro. Son



as rabexadas da Reforma Laboral, que xa chegou tamén ás empresas de mediano e pequeno tamaño.

Vese que estamos a dar paus de cego, como dá tamén unha clase política que decepciona por non saber estar á altura das circunstancias cando máis precisaba estar. Pasados case 110 días dende as eleccións a cidadanía caeu nun estado profundo de apatía e desinterese polas negociacións para a formación de goberno. Tivemos unha sobredose de información banal e intranscendente que nos provocou fartura, empacho de política da ruín.

Alguén sabe a estas alturas o que defende cada quen? Probablemente non porque en

ben pouco tempo pasouse de falar de programas a volver falar de persoas, en todas as esferas: quere Susana Díaz asaltar o liderado de Pedro Sánchez?, Está cuestionado Rajoy dentro do PP?, Por que Iglesias se desfixo de Pascual?, presentarase Beiras á Xunta en Galicia?, quen se postula para ocupar o posto de Besanteiro no PSOE galego?, marcha ou segue Feijóo? Si, segue.

E como tea de fondo dos importantes nomes propios que cobran por facer mal o seu traballo e van de vacacións en Semana Santa, a corrupción: estable, certa e consolidada como non o están nestes momentos nin a política nin a empresa.

Tribuna de opinión

Acento galego

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Brais Doval é un mozo galego orgulloso de sello. (Non todos os galegos, desgraciadamente, poden dicir o mesmo). Este rapaz, humorista e youtuber, ten tamén un perfil de Facebook ao que sube vídeos curtos falando en castelán sobre diferentes temas.

Un dos últimos que publicou foi compartido por un blogueiro con miles de seguidores en toda España e acadou unha ampla repercusión. Pero non tanto polo seu contido, senón polas críticas que recibiu Brais por mor do seu acento galego falando castelán, un acento que "non vale para facer humor" e que o facía parecer "un gañán".

Molesto polos comentarios,

Brais gravou un novo vídeo no que empregou sete minutos (o tema era complexo) para explicar que se nace en Galicia o lóxico é que teñas acento galego e que se insultas a alguén pola súa maneira de falar estás caendo na intolerancia, no desprezo e na falta de respecto.

É grave que haxa xente que non o vexa así pero máis grave é que esa falta de respeito empece tantas e tantas veces por nós mesmos, os galegos con teima por renegar do acento galego, con obsección enfermiza por intentar ocultalo cando falamos castelán. Será que mesmo sentimos vergoña de sermos galegos? Por favor, que Brais Doval nos dea o antídoto!

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuita

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Iria Buxán Raposo, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMIENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Sandra Vázquez

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem recibe o apoio do sector na súa cea anual de confraternidade

Os presidentes da CEC, FEAGA e Fedcom Coruña asistiron á velada xunto coa directora xeral de Comercio da Xunta



Rodrigo Fernández (Asetem), F.Javier Pérez Bello (Feaga), Miguel Agromayor (Fed. Com. Coruña), Antonio Fontenla (CEC), Manuel Vázquez (Asetem), Sol Vázquez (Dir. Xeral de Comercio), Dalia García e Dolores Gómez (Concello de Melide)

Manuel Vázquez: “cando nos implicamos as cousas funcionan, cando sumamos forzas todo vai mellor”

O actual presidente de Asetem, Manuel Vázquez, aproveitou a celebración da cea anual de confraternidade para apelar á unión de todos os empresarios da comarca e instalos a “sumar forzas e implicarse” co obxectivo de darlle maior difusión e utilidade ás iniciativas que se realizan en beneficio de Melide. “O espírito de traballo conxunto é o que lle dá sentido a Asetem. Somos un colectivo e todos e cada un de nós sumamos”, dixo no que foi o seu primeiro discurso público ante

os socios e socias da patronal.

Manuel Vázquez centrou parte da súa intervención na necesidade de darlle maior dimensión ao polígono da Madañela para facelo realmente competitivo: “Melide xa é un referente comercial, agora temos que conseguir que tamén sexa un referente industrial”, manifestou. Nese sentido, refiriuse á futura autovía como “unha gran oportunidade” que “non poderemos aproveitar se non logramos superar os problemas que levan hipotecando

o desenvolvemento do polígono dende hai anos”. É por isto que aproveitou a presenza de responsables políticos do Concello e da Xunta para pedir o seu apoio “nunha cuestión vital para Melide” e que contribúan a que se cambie a catalogación da zona como Lugar de Interese Comunitario; figura de protección medioambiental que impide a futura ampliación do parque.

Por outra banda o presidente de Asetem incidiu na importancia de sumarse ao

Pasados case dous anos desde a celebración coa que se conmemorou o 25º aniversario da creación de Asetem, a patronal da comarca melidense retomou o pasado 1 de abril a súa tradicional cea de confraternidade. Nela participaron arredor de 100 socios e socias de diferentes sectores que compartiron unha velada de encontro no Hotel Carlos 96.

Á xuntanza tamén acudiu, en representación da Xunta de Galicia, a directora xeral de Comercio, Sol Vázquez Abeal, así como representantes de asociacións de comerciantes e empresarios de ámbito provincial e autonómico: Antonio Fontenla, presidente da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC); Miguel Agromayor, presidente da Federación Provincial de Comercio, e Javier Pérez Bello, presidente da Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA). Na cea tamén participou a alcaldesa de Melide, Dalia García.

Antes de dar conta do menú, houbo un tempo para as intervencións que abriu o

presidente da CEC. Antonio Fontenla fixo referencia ao “enorme sector privado” co que conta a comarca e sinalou que “por situación y por mérito tenéis un comercio y un sector turístico muy importantes”. Ao seu xuño estas características, xunto coa potencialidade do Camiño de Santiago, fan que de cara aos investimentos empresariais Melide sexa “apetecible dentro de la genialidad de Galicia”.

De seguido tomou a palabra a directora xeral de Comercio, quen resaltou a importancia que o tecido empresarial ten nos momentos actuais: “Imos camiño do crecemento e precisamos de vós, que sodes os que lle dades forza á economía”, dixo Sol Vázquez ante o público asistente. A isto engadiu, dende a súa condición de xestora política, que “hoxe é un día no que nos toca agradecer o voso esforzo, a loita no día a día das vosas empresas”. Por último brindou o apoio da Xunta “para todo o que precisades, especialmente en materia de comercio”.



Manuel Vázquez dirixíndose aos socios e socias

carro das novas tecnoloxías e animou aos presentes a non deixarse levar “pola relaxación

que vemos en moitos negocios de Melide á hora de dar o salto ao mundo dixital”.

Anúnciate no
Cerne
981 50 61 88
info@asetem.com

CCAA Melide
ASETEM

IMPRENTA
eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Cea anual de confraternidade de Asetem



M^a JOSÉ FERRO, ORIENTADORA LABORAL DO CONCELLO DE MELIDE

“O emprendemento non debe ser froito da necesidade, senón dunha idea madurada”

En tempos difíciles para manter e buscar un emprego os servizos de orientación laboral fanse máis necesarios e útiles ca nunca. O do Concello de Melide, municipio cunha taxa de paro do 18,53% e 587 desempregados, traballa

- Cal é a función do servizo de orientación laboral do Concello de Melide?

-M^a José Ferro (M.F.): O noso obxectivo é favorecer a inserción laboral das persoas que están desempregadas e tamén axudarles a aquelas outras que están traballando pero queren mellorar a súa situación. Facémolo a través de titorías individualizadas e dun asesoramento persoal co que pretendemos achegarles as ferramentas e as habilidades necesarias para atopar un traballo.

- Que proceso seguen dende que unha persoa entra pola súa porta ata que atopa traballo?

-M.F.: Na primeira toma de contacto realizamos unha entrevista para coñecer a situación persoal e profesional de cada persoa e o seu grao de empregabilidade. A partir de aí elaboramos un perfil e comezamos a planificar a busca de emprego ou o programa de formación, en caso de que sexa necesaria. Facémolo a través de varias citas nas que se tocan puntos moi diferentes, dependendo da necesidade de cada usuario: a elaboración ou modificación e mellora do seu currículum vitae, a carta de presentación, as competencias clave, a formación académica, como afrontar con éxito unha entrevista de traballo ou un proceso de selección... Normalmente realizamos o que se chamán itinerarios personalizados de inserción, nos que pactamos cos usuarios unha serie de tarefas para levar a cabo.

- Cales son os colectivos

que atopan maiores dificultades á hora de acceder ao mercado laboral?

-M.F.: Se falamos de idades, teríamos por unha banda ás persoas xoves, en particular as

achegado información e pautas co obxectivo de facilitar a busca dese traballo tan ansiado. A través de titorías individualizadas e asesoramento persoal despexa un camiño no que a motivación dun mesmo é o factor fundamental.

mática para xerar dinámicas motivadoras. Ademais estes colectivos son prioritarios á hora de levar a cabo un itinerario personalizado de inserción. Con certos colectivos

feito de non ter correo electrónico ou de non o saber manexalo dificulta moito a busca. Outro aspecto que tamén inflúe bastante é a falta de motivación.



que carecen de experiencia laboral previa ou de formación, e por outra aos maiores de 55 anos. Tamén estarían incluídos aqueles colectivos que contan cunha discapacidade ou que estean en situación de risco de exclusión social. Os parados de longa duración son outro dos grupos con dificultades para acceder ao mercado laboral.

- Trabállase de xeito diferente para axudar a estas persoas?

-P.G.: Si, aplicamos outras dinámicas. Por exemplo, fanse obradoiros específicos e accións de grupo nas que poñemos en contacto a persoas coa mesma situación ou proble-

mas os discapacitados ou en risco de exclusión social traballamos en rede con outras entidades e institucións como COGAMI ou o Consorcio Gálego de Igualdade e Benestar.

- Cales son os principais atrancos que atopa a xente á hora de buscar emprego?

-M.F.: Cada caso é particular pero entre os principais podriamos mencionar as limitacións horarias e xeográficas coas que contan algúns usuarios por algún tipo de carga familiar, a falta de formación académica, a falta de recursos económicos para custear cursos, ou as dificultades coas competencias dixitais: o sim-

- En xeral, sabemos buscar emprego?

-M.F.: Non se pode xeneralizar, todos estamos en constante proceso de aprendizaxe xa que o mercado laboral é cambiante e hai que actualizarse constantemente. Hai moitas maneiras de buscar: a máis antiga, que é o boca a boca e os contactos persoais, segue a funcionar. Hoxe en día denomínase networking. Por outra parte temos a busca de emprego 2.0 a través de plataformas como Facebook, Twitter, Linkedin, About me... Ben empregadas poden dar un resultado positivo.

- Ultimamente estase potenciando moito o emprende-

prego autónomo dende as administracións? A que obedece isto?

-M.F.: Cada vez son máis as axudas para os novos emprededores, seguramente porque estamos en constante cambio no mercado laboral. Non hai que esquecer que o emprendemento é unha alternativa ao desemprego, pero non se debe emprender por necesidade, senón como froito dunha idea meditada e madurada. Aquí temos unha carencia de cultura emprendedora e dende as distintas administracións estan potenciando con axudas e subvencións para modernizar o tecido empresarial e dar lugar a novas ideas de negocio que dinamicen o mercado.

- Que tipo de asesoramento lle ofrecen ás persoas que toman a decisión de empregarse por conta propia?

-M.F.: Traballamos a idea de negocio de maneira individual e para iso o máis axeitado é empezar facendo un plan de empresa para detectar a viabilidade de dito negocio. Tamén axudamos a facer un cadro sobre as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do entorno no que nos imos asentar, aínda que hai organismos como o Igape ou as cámaras de comercio, que tocan máis polo miúdo estes aspectos. Dende aquí tamén intentamos informar sobre as diferentes axudas e subvencións que existen para fomentar o emprendemento.

- Cales serían os sectores más propicios para emprender na comarca?

-M.F.: Os máis puxantes da comarca son o sector servizos, pola nosa situación no Camiño de Santiago, e tamén a dependencia e a axuda a domicilio, ademais do sector primario. Debemos centrar os nosos esforzos na modernización e posta ao día destes sectores e tamén traballar na procura de novos xacementos de emprego que están por desenvolver.



CAMPAÑA DA RENDA 2015

TEÑEN A OBRIGA DE DECLARAR as persoas físicas con residencia habitual en España, coas rendas que se sinalan:

1.- Rendementos íntegros do traballo cos seguintes límites:

a) 22.000€ anuais se proceden dun único pagador ou de varios pagadores cando:
- A suma das percepcions do segundo e restantes pagadores non superen en conxunto 1.500€ anuais.

- Os únicos rendementos do traballo consistan en pensións da Seguridade Social e demais prestacións pasivas e que a determinación do tipo de retención aplicable se realize segundo a normativa.

b) 12.000€ anuais cando:

- Procedan de máis dun pagador e o segundo e restantes pagadores superen os 1.500€ anuais.

- Se percibiron pensións compensatorias do cónxuge ou anualidades por alimentos, salvo que procedan dos pais por decisión xudicial.

- Se o pagador dos rendementos non está obrigado a reter.
- Se perciben rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.

2.- Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais suxeitas a retención ou ingreso a conta cando superen os 1.600 € anuais.

3.- Rendas inmobiliarias imputadas que procedan da titularidade de inmobles, rendementos íntegros de letras do tesouro e subvencións para a adquisición de vivenda de protección oficial co límite de 1.000€ anuais.

NON TERÁN OBRIGA DE DECLARAR os contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos do traballo, do capital mobiliario e inmobiliario, de actividades económicas, así como de ganancias patrimoniais, suxeitas ou non a retención, cando a suma de todos eles

non supere 1.000 € anuais e perdas patrimoniais inferiores a 500 €.

DEBERASE PRESENTAR a declaración no caso de contribuíntes que queiran exercitar o dereito de:

- Dedución por inversión en vivenda habitual (réxime transitorio).
- Dedución por sobre imposición internacional.
- Reducción por aportacións ós distintos sistemas de previsión social (plans de pensións).

Será necesario presentar declaración para **OBTENER DEVOLUCIÓNS** por razón:

- De retencións, ingresos a conta e pagos fraccionados do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas.
- Da dedución por maternidade.
- Das deducións por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo.

PRAZOS:

- 6 de Abril de 2016: inicio de servicios telemáticos do borrador, confirmación e presentación de rendas vía electrónica.

- 10 de Maio de 2016: inicio de presentación de rendas por outras vías (banco e presencial en facenda).

- 25 de Xuño de 2016: último día para domiciliar rendas con resultado a ingresar.

- 30 de Xuño de 2016: último día de campaña de renda, e por tanto, último día para poder presentar declaracions.

Cando a declaración saia con resultado a ingresar poderase fraccionar en dous prazos: o 60% da cota ingresarase como data límite o 30 de Xuño e o 40% restante o 7 de novembro.

NOTAS DE INTERESE:

- a) As prestacións por desemprego de-

claránse a Facenda. Igual sucede con moitas axudas estatais e autonómicas (Plan PIVE, axuda a adquisición ou melloras de vivendas, axudas para adquisición de material escolar, axuda para fomento de emprego e autoemprego, ...).

b) Quedan libres de impostos as pensións por incapacidade permanente absoluta e gran invalidez, prestacións públicas por nacemento, parto ou adopción, fillos a cargo e orfandade. Tamén están exentas de tributación as prestacións por desemprego en pago único, así como as indemnizacións por despido ou cese dos traballadores cando non superen o máximo legal establecido na lexislación vixente e co límite de 180.000 euros.

c) Para o exercicio 2015 están exentas as rendas mínimas de inserción establecidas polas comunidades autónomas e as demais axudas para atender a colectivos en risco de exclusión social, habitacional, de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou discapacitados que carezan de medios económicos suficientes, co importe máximo anual conxunto de 11.182, 71 euros.

d) A redución por mantemento ou creación de emprego, desaparece para este exercicio.

e) Suprímese a dedución por aluguer de vivenda habitual e establecese un réxime transitorio que permite seguir desfrutando desta dedución a contribuíntes que tivesen un contrato de arrendamento anterior ao 1 de xaneiro de 2015 e xa deducisen polo citado contrato de aluguer en exercicios anteriores.

f) Existe unha dedución de aluguer vixente na comunidade galega sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Ser menor de 35 anos.
- Contrato de aluguer posterior ao 1 de xaneiro de 2003
- A fianza debe estar depositada no Instituto Galego de Vivenda e Solo.
- A base impoñible do período será menor a 22.000 € antes da aplicación das reducións por mínimo persoal.

g) Amplíanse os mínimos por desecidente e ascendente para este exercicio e aumentan as deduccións autonómicas por nacemento de fillo, por cuidado de fillo menor de 3 anos e dedución por aluguer aos contribuíntes con dous ou máis fillos.

h) Segundo as obrigas de declarar que se recollen na normativa vixente, existiría obriga de declarar as pensións percibidas de estados estranxeiros por residentes en España nos seguintes casos:

- Se do país estranxeiro se percibe unha pensión pequena (menor a 1500 euros ao ano) os límites de declarar son os 22.000 euros xerais.

- Se do país estranxeiro se percibe unha pensión maior de 1500 euros anuais e tamén se percibe outra aquí maior de 1500 euros anuais, o límite de declarar serían 12.000 euros por ter rendementos de máis de un pagador.

- Se só se recibe unha pensión do estranxeiro sen recibir ningunha en España o límite tamén serían 12.000 euros por ser estes rendementos satisfeitos por un pagador que non ten obriga de reter.

- Estes datos son referentes a rendementos do traballo e débese ter en consideración que poden existir outros rendementos distintos (intereses, alugueros...) que obriguén a facer a declaración sobre a renda en España.

- Outro dato que deben ter en consideración as persoas estranxeiras residentes en España é que ter un grao de discapacidade nun país terceiro, non significa obligatoriamente posuilo en España, xa que este debe ser valorado polos organismos competentes para que teña efectos fiscais.

PVP recomendado. Hasta el 30/6/2016 por la compra de unas gafas graduadas + lentes por 197€ por 2cientos graduados progresivas ópticas antireflejantes Bestay Multigold 1.5 AR (límite de graduación sujeta al cuadro de fabricación del proveedor). Consultar en tu establecimiento. ¡Llévate unas segundas gafas gratis con la misma graduación que la primera y estás en el sorteo! Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

2as
gafas
GRATIS

al comprar tus
mó progresivas
alta gama

197
€

*Ronda de A Coruña, 20
15800 Melide
A Coruña*

www.multiópticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

Que servizos ofrece Asetem?

● Asesoría xurídica, fiscal e laboral

Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

● Información e tramitación de axudas

Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramítámosche as solicitudes de xeito gratuíto. Tamén informamos sobre os cambios lexislativos de relevancia.

● Organismo acreditado

Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, benestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

● Un espazo de comunicación

A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

● Convenios con garantías

Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Efa Piñeiral, Seguridade A-1, Radio Melide ou R.

● Oferta formativa

En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

● Feiras, eventos e campañas

Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca: Este Nadal toca en Melide, Bono Asetem, Unha voltiña por Melide, concurso de tapas de primavera e outono, En Melide todo o día, Salón da Voda, Mercamelide, Feira de maquinaria agrícola...

● Cesión gratuíta do local

As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

● Bolsa de traballo

Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.



Aínda non lle ves as vantaxes?

Asóciate!!

DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Norbrok Seguros
Avda. Habana, 3 - 1º
981 50 74 44
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76
Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981 50 52 83
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981 50 50 13
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62
California 66
Rosaleda, 5
687 77 64 36
Calitex
Galicia, 4
981 50 51 54
Calzados Broz
Camiño de Oviedo, 13
981 50 51 60
Cárnicas García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Carola Moda 2000
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21

Colorín Colorado

Rda. da Coruña, 10

981 97 85 60

Cooperativa Melisanto

Agüeros, s/n, Melide

981 50 60 26

Deportes López

Avda da Habana, 5

981 50 54 25

Distribuciones Mella

Xoán XXIII

981 50 60 68

Ekaté

Cantón de San Roque, 11

881 97 74 17

Electrosan

Martagona, 13

981 50 79 64

Estanco Angarela

Progreso, 9

981 50 60 96

Electricidade Vilela

Avda de América, 34

981 50 59 00

El mundo del pintor

Avda. Lugo, 43

981 50 90 77

Espomasa

Ctra. Melide-Toques,

km 8, Toques

981 50 59 71

Establecimientos El Mueble

Rda. Pontevedra, 2

981 50 50 89

Estación de Servicio Corredoiras

Corredoiras, 14,

Boimorto

981 51 60 04

Eurocadena

Cantón de S. Roque, 9

670 29 29 17

Floristería Maru

Convento, 9

981 50 75 80

Floristería Strelitzia

Cantón S. Roque, 46

881 81 91 01

Floristería Tarrío

Amador Rguez, 7

981 50 61 64

Froitas Olga

Avda. da Habana, 1

607 36 53 69

Frutas Nati

Pol. Ind. A Madanela

600 44 80 92

Fuciños Rivas

Rda. da Coruña

981 50 50 47

Galaica Bisutería

Rúa San Pedro, 8

981 50 75 49

Imaxina

Florentino Cuevillas, 4

881 95 70 87

Imprenta Meligraf

Rúa Galicia, 26

981 50 62 56

Jim Sports Technology

Madanela S/N

981 50 64 34

José Xaneiro

Avda. Toques, 57

981 50 53 35

Joyería Oro Ley

Rúa de San Pedro, 14

981 50 54 68

Joyería Silvela

Rda. da Coruña, 40

981 50 59 97

La Cortina

Avda. Lugo, 43

981 50 63 58

Lácteos Terra de Melide

Orois, Melide

981 80 80 09

Laia Zapateiros

Praza Convento, 4

626 25 20 54

Leiva Motosport

Rda. da Coruña, 52

981 50 73 34

Librería Cousas

Avda. da Habana, 29

981 50 57 75

Librería Victorio

Taboada Roca, 1

981 50 50 55

M&M Moda

Rda. da Coruña, 58

981 94 24 15

Marvi

Rúa do Convento, 16

981 50 71 94

Melimática

Otero Pedrayo, 6

981 50 78 81

Mis mejores labores

Avda. América, 3

657 43 56 99

Mobles Ares

Rda. da Coruña, 62

981 50 55 64

Modas El Dándolo

Convento, 15

981 50 63 70

Muebles Paula

Crt. Lugo, km 46,

981 50 57 34

Muxica Tenda

Xoven

Rúa do Convento, 36

981 50 63 66

Óptica Abal

Rda. da Coruña, 16

981 50 60 97

Óptica Melide

Rúa do Convento, 17

981 50 54 67

Óptica Novalux

Rda. da Coruña, 20

981 50 51 99

Ortopedia Ortosaúde

Rda. Pontevedra, 16

981 50 78 74

Panadería e

Pastelería Toques

Avda. de Lugo, 31

981 50 51 81

Pastelería Estilo

Rúa do Progreso, 6

981 50 51 53

Pastelería Triskel

Novoa Santos, 32

981 50 50 98

Perfumería Lyss

Rda. da Coruña, 44

981 50 76 84

Pescados e

Mariscos Manolo

Rosaleda, 10

629 81 20 29

Ramón Cabado

O PP defende a legalidade da viaxe institucional do Concello a Sicilia

A alcaldesa, Dalia García, asegura que “non hai un só euro dos melidenses nin dos galegos que se gastara nesa viaxe”



Dalia García, en Sicilia, intervén no acto de irmadade con outras vilas europeas

Seis meses despois de participar na comitiva que se desprazou dende Melide a Sicilia para representar á vila no marco dun programa europeo de voluntariado, a alcaldesa, Dalia García, accedeu a dar explicacións sobre o financiamento, a utilidade da viaxe ou a selección de persoas que se desprazaron ata Italia; cuestións todas elas polas que preguntou reiteradamente a oposición so-

cialista ao considerar que había un déficit de información ao respecto e que se poderían ter cometido prácticas irregulares.

A respecto disto a rexedora insta ao PSOE de Melide a “levar o asunto aos tribunais se considera que houbo irregulares” e pide unha desculpa pública polas acusación feitas.

O financiamento

Nun comunicado remitido aos

medios informativos, a rexedora sinala que na viaxe “non se gastou nin un só céntimo do Concello nin da Xunta de Galicia” e engade que cada un dos oito integrantes da comitiva desprazada a Sicilia, incluída ela mesma, “pagou do seu peto os billetes de avión”, algo que pode demostrar, asegura, con facturas que obran no seu poder. Ao mesmo tempo Dalia García cualifica

Ánxel Vázquez tomará medidas legais se o PSOE non rectifica

Ánxel Vázquez, ex alcaldesa de Melide e actual conselleira do Medio Rural, considera que as afirmacións realizadas polo PSOE sobre a viaxe a Sicilia atentan contra a súa honra e por iso está disposta a tomar medidas legais se non se produce “unha rectificación inmediata” por parte dos socialistas.

Vázquez, que aínda era alcaldesa cando se realizou a viaxe, non chegou a coller o avión cara a Sicilia, pois coincidiu xusto co momento da súa incorporación ao goberno da Xunta. Aínda así, asegura, todos os gastos derivados da mesma foron aboados do seu peto. Engade que a contribución económica do Concello de Melide coa viaxe se limitou a unha figura de Sargadelos que custou 98 euros e que a delegación melidense lle levou como agasallo á vila anfitrióna.

de “inadmisible” que “se ensucie a imaxe de Melide dando a entender que se viaxou con cargo a fondos públicos cando non atende a razón”.

Selección de persoas

Non obstante o PSOE non cuestionou tanto o tema económico como o xeito en que se escolleu ás persoas que participaron no programa, sobre as que insinuou que estaban estreitamente vinculadas ao PP e que non eran representativas dos diferentes colectivos sociais e culturais da vila.

En relación con isto a rexedora sinala que a vinculación persoal dalgúns participantes con cargos públicos do PP “non ten ningunha relevancia para as bases do programa”. A isto engade que “non facía falta ser científico para levar a cultura galega a

Sicilia, xa que calquera veciño ou veciña de Melide é coñecedor da historia, da gastronomía e da música da nosa terra, sendo bos embaixadores alá onde se encontren”.

Viaxe produtiva

Outro dos aspectos sobre os que quixo incidir a rexedora melidá foi na utilidade da viaxe realizada, que incluía un acto de irmadade con tres rexións de Europa e sobre a que se descoñecía o programa de actividades. Dalia García asegura que a delegación de Melide “asistiu a todos os actos do programa” e “participou en todas e cada unha das mesas redondas organizadas polo comité de irmadade”. Explica ademais que como froito dessa viaxe xa visitaron Melide máis de 100 persoas e que está previsto un intercambio musical.

SILENCIO EN SOLIDARIEDADE CON BRUXELAS



Melide sumouse ás concentracións que se realizaron ao largo e ancho de toda a xeografía europea para amosar solidariedade coas vítimas dos ata-

ques terroristas que se produciron en Bruxelas e rexeitar calquera tipo de violencia. Ante a casa consistorial, membros do equipo de goberno, traballa-

dores municipais e veciños gardaron un minuto de silencio. Tamén participou o xogador de baloncesto J.A. Corbalán, que estaba de paso por Melide.

SEMANA SANTA PASADA POR AUGA



A Confraría da Soledade, que esta Semana Santa cumpliu 25 anos, non pudo celebralo como mellor lle gustaría; sacando en procesión o venres santo á virxe que lle dá nome. A chuvia impidiuno, polo que a homenaxe se realizou na igrexa parroquial coa presenza dos confrades, o coro parroquial e Froito Novo.

As pistas de pádel do parque Rosalía serán trasladadas á beira da piscina

O goberno local quere concentrar o máximo posible a oferta deportiva da vila e con ese propósito trasladará as dúas pistas de pádel construídas polo anterior goberno bipartito (BNG-PSOE) no parque Rosalía de Castro ata as inmediacións da piscina municipal cuberta, en Priorada. Faino “para mellor goce e para mellor xestión das instalacións”, segundo dixo a alcaldesa, Dalia García, no pleno no que a corporación aprobou por unanimidade fazer esta e outras actuacións ao abeiro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) da Deputación.

Será precisamente deste programa provincial de préstamos de onde se obteñan os 117.273 euros necesarios para realizar os traballos, que ademais do traslado inclúen o acondicionamento da contorna da piscina e do parque Rosalía de Castro. En resposta a preguntas do PSOE a rexedora explicou que no oco que



Área á que se trasladarán as pistas de pádel

deixen as pistas actuais bota-rase formigón para construír unha nova pista “multideportiva” con peche perimetral.

Os socialistas aprobaron o cambio de ubicación ainda que ven nel “unha mostra da nula planificación en materia deportiva, da que todos somos responsables”, dixo José Antonio Prado para engadir ao

fío que “foi un erro fazer as pistas no parque e tamén foi un erro fazer as novas no Pazo de Congresos”.

Pola súa banda o voceiro do BNG, Xosé Igrexas, defendeu a actuación do anterior goberno e recordou que “o Concello ten problemas de terreos e ás veces escóllese a ubicación en función dos que estean libres”.

Un investimento de 100.000 € permitirá rematar este ano a reforma de San Antón

O ano 2016 non finalizará sen ver a rúa San Antón renovada na súa totalidade, xa que o Concello de Melide dará inicio nos próximos meses á segunda fase das obras de reforma desta céntrica vía. Os traballos permitirán arranxar o treito comprendido entre a desembocadura da rúa Alhóndiga e o Camiño de Ovedo e teñen un orzamento de 99.733 euros.

Para facerse co capital necesario o Concello acolleuse ao Plan de Aforro e Investimento (PAI) da Deputación, un programa de créditos sen intereses, con dous anos de carencia e un prazo de devolución de dez anos. A través de dito plan a institución provincial puxo a disposición de Melide un total de 298.482 euros que o goberno local aproveitou enteramente. Por iso, ademais da partida para rematar a rúa San Antón, tamén reservou 117.273 euros para cambiar de lugar as pistas de pádel do



As obras abarcarán dende a Alhóndiga ata o Camiño de Ovedo

parque Rosalía de Castro e outros 34.415 para arranxar a rúa Grupo Sindical, situada a carón da feira do gando.

Ademais dos investimentos, o PAI obriga a destinar unha porcentaxe do préstamo á redución de débeda, porcentaxe que varía en función do nivel de endebedamento de

cada municipio. A estes efectos Melide destinará 47.061 euros. A día 1 de xaneiro de 2016 a débeda municipal situábase en 787.783 €, segundo deu a coñecer o edil de fachada, Luis Arias, trala liquidación do orzamento de 2015, que pechou cun remanente de tesourería de 242.115 €.

Piden unha investigación sobre os contratos menores que fai o PP

O grupo municipal do BNG solicitoulle por escrito ao Consello de Contas que investigue algunas das actuacións do executivo local no que á xestión e manexo de fondos públicos se refire. En concreto, os nacionalistas poñen o foco sobre os contratos menores e instan ao máximo órgano fiscalizador de Galicia a que verifique se o goberno popular abusa do procedemento negociado sen publicidade.

Os tres concelleiros do BNG acompañaron de documentación a súa solicitude ante o Consello de Contas e remitíronlle catro informes elaborados polo departamento municipal de intervención. Neles dáse conta das anomalías detectadas nalgúns contratos menores e, en consecuencia, tamén se

recollen os reiterados reparos que este órgano interno de control financeiro lle puxo proceder do PP en materia de gastos. Ditos informes refírense á fiscalización de facturas dos exercicios de 2014 e 2015. Tamén se incluíu outro sobre a liquidación do orzamento do ano pasado no que o departamento de intervención detectou “anomalías en materia de ingresos”.

Os nacionalistas melidenses din estar convencidos de que o goberno do PP non cumple coa lei de contratos menores e así o levan denunciando xa dende o anterior mandato. Aseguran ademais que algúns dos casos sobre os que emitiu reparos Intervención son “sospeitosos” porque “incumben a xente afín ao PP”.

Xornalismo e información entran nas aulas do instituto



Obradoiro de xornalismo celebrado no IES o ano pasado

O IES de Melide foi un dos oito centros de ensinanza secundaria de Galicia que acolleu o obradoiro “Xornalismo na escola”, unha iniciativa posta en marcha o pasado mes de marzo polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en colaboración coa Obra Social “La Caixa”.

O alumnado de 3º e 4º da ESO recibiu a visita dalgúns dos xornalistas encargados de impartir os talleres e introdu-

cir aos participantes en temas como a importancia da figura do periodista profesional, a liberdade de prensa ou o derecho á información.

Os seis xornalistas encargados de impartir estes obradoiros son Juan Modesto del Río, Jesús Manuel García, Olalla Liñares, Rebeca Romero, Mayte Silva e Víctor Sariego. Ademais de Melide visitarán Arzúa, Baiona, Carballo, Fene, Marín, Chantada e Cee.

Fomento licita a rehabilitación da ponte de Furelos e o seu contorno

É un dos proxectos encargados polo ministerio para recuperar construcións de interese no Camiño Francés



A ponte de Furelos é un dos monumentos máis fotografados polos peregrinos no Camiño Francés

O Ministerio de Fomento acaba de sacar a concurso público varios proxectos para a restauración de edificios e construcións de interese no tramo galego do Camiño Francés. Entre as intervencións previstas destaca a recuperación e posta en valor da ponte medieval de Furelos, na que

se investirán arredor de 500.000 euros.

O prazo para a presentación de ofertas remata o próximo 18 de abril e unha vez adxudicadas as obras servirán para poñer a punto esta xoia arquitectónica do século XII e borrar todo rastro da equivocada intervención que se fixo no

ano 2.000, na que se colocaron lousas de granito a xeito de beiril na parte superior dos muros. Os traballos de mellora tamén incluirán a retirada da vexetación que medra entre as pedras.

Ademais de Melide tamén outros concellos da comarca polos que pasa o Camiño

Francés se verán beneficiados polos investimentos de Fomento: en Arzúa vaise restaurar un edificio histórico para habilitar nel un centro cultural e melloraranse os equipamento públicos coa construcción dun xardín. En Palas de Rei intervirase na igrexa de San Xulián.

Conservación do Camiño

A posta en valor da ruta xacobea más transitada é tamén unha cuestión de mantemento diario. Para contribuír coas tarefas de conservación, outra administración, a galega neste caso, asinou un convenio de colaboración cos 11 concellos de Galicia polos que pasa o Camiño Francés. Entre eles está Melide, que recibirá parte dos 363.000 € que destina a Xunta a subvencionar tarefas de limpeza e información a peregrinos.

No convenio asinado os concellos comprométense a rozar a maleza con medios manuais e a adoptar todas as medidas que sexan necesarias para evitar o deterioro do Camiño. Por outra parte deberán prestar información específica e continuada aos peregrinos mediante a contratación de persoal con formación en turismo entre os meses de abril e setembro.

O conservatorio recibe 20.000 € da Deputación

As escolas de música e danza municipais e os conservatorios de trinta concellos da provincia recibirán axudas para o mantemento da súa actividade a través dun programa ao que a Deputación destina preto de 361.000 euros. Entre os beneficiados está o conservatorio de Melide, que recibirá 20.000 euros, a cantidade máxima concedida por concello.

Por outra banda Melide, Toques, Sobrado e Santiso tamén forman parte dos 76 concellos da Coruña que poderán manter na súa plantilla aos técnicos deportivos municipais grazas ao apoio económico da Deputación, que este ano destinará 671.000 euros a fomentar o deporte.

Fixan para 2021 o remate da autovía con parte do trazado limitado a 100 km/h

Á marxe de estimacións e promesas políticas o remate da autovía entre Lugo e Santiago (A-54) xa ten unha data con base real: segundo os prazos publicados recentemente polo Ministerio de Fomento no Boletín Oficial do Estado, será no ano 2021 cando se poidan percorrer os 94 quilómetros que terá esta estrada.

Licitadas no mes de decembro as obras dos tramos entre Arzúa e Palas de Rei, os que acumulan maior atraso, as empresas construtoras teñen ata mediados deste mes para presentar as súas ofertas. Na última semana de xuño adxudicaranse as obras e a partir de aí comezarán a contar os 60 meses do prazo de execución, é dicir, cinco anos nos que se deberán completar os 28



O tramo entre Guntín e Palas foi inaugurado en outubro de 2015

quilómetros que separan as dúas localidades. Para antes poderían estar listos os 18,5 quilómetros do tramo entre Lavacolla e Arzúa que, co 50%

das obras executadas, estará operativo en 2018.

Limitación de velocidad
No trazado de Arzúa a Palas

investiranse 279 millóns de euros (9,9 por cada quilómetro) e case a metade irá destinado a infraestruturas, especialmente a viadutos. Haberá un total de 13, entre outros, sobre os ríos Iso, Boente, Catasol, Brandeso, Furelos, Seco, Rego do Vilar e Pambre, este último o máis longo de todos con 1.029 metros. Haberá ademais outro viaduto sobre os terreos da Serra do Careón. Será dobre e terá unha distancia de separación extraordinaria para evitar impactos sobre o hábitat da Santolina Melidensis, unha planta protexida única en Galicia.

Precisamente o elevado número de viadutos e a orografía farán que boa parte do trazado da autovía nesta zona vaia estar limitado a 100 km/h. Así será nos últimos cinco quilómetros antes de chegar a Palas de Rei e tamén en numerosos puntos entre as localidades de Arzúa e Melide.

Obradoiros para un ocio san e responsable

O Concello de Melide organizou un obradoiro de bebidas saudables no IES para concienciar ao alumnado de 2º e 3º da ESO de que un ocio san é posible e de que non é necesario consumir alcohol para divertirse. Con ese obxectivo, adolescentes entre 13 e 15 anos aprenderon a facer cócteles nutritivos a base de zumes e refrescos ao tempo que participaron nun coloquio no que se abordaron as consecuencias negativas do consumo de bebidas alcohólicas a idades temprás. Este é o segundo ano que a concellería de Benestar pon en marcha os obradoiros de bebidas saudables coa intención de "promover e asentar condutas responsables entre a mocidade".

A Deputación avala que Toques liquide a débeda contraída con Espina & Delfín

A Deputación da Coruña acaba de darlle luz verde á intención do goberno de Toques de liquidar por completo a débeda contraída polo Concello entre 2002 e 2008 coa empresa subministradora de augas Espina & Delfín, da que a día de hoxe restan por pagar 80.554 euros.

A asesoría xurídica da institución provincial vén de emitir un informe favorable no que despexa as dúbidas que o executivo municipal tiña sobre a legalidade da operación e no que autoriza o pagamento. Recomenda ademais modificar as condicións financeiras que se pactaron hai oito anos coa compañía de augas para ir saldando dita débeda a través dos recibos de subministro. Nese pacto estableceronse uns intereses do 6% que, sumados a un IVE do 21%, supoñían un importante lastre para as arcas municipais.

Agora, con dito informe na man, Toques "vai regularizar



Oficinas de Espina & Delfín en Melide

unha situación que tantos quebradoiros de cabeza nos deu", sinalou o alcalde, José Ángel Penas, ao tempo que se felicitou por darlle solución a un problema co que xa batallaron anteriores gobernos: "dicían que isto non se podía facer, pois agora si que se pode", concluíu.

Con todo, a Deputación

rexitou que o pagamento se fixese con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS) do 2016, como pretendía o bipartito toquense (BNG-PSOE), e recomendou facelo a través dun recoñecemento extraxudicial de crédito por valor equivalente á contía que se debe, é dicir, 80.554 euros.

Ese trámite foi aprobado

por unanimidade da corporación no último pleno e permitirá aboar as facturas pendentes dos anos 2008 e 2007, máis unha do 2006. O resto xa foron saldadas.

Negociacións

Liquidada a débeda, o Concello de Toques xa iniciou conversas con Espina & Delfín de cara a renegociar o contrato e fixar un novo prezo polo subministro da auga. Actualmente está en 2,30 euros por metro cúbico e o executivo local aspira a baixalo ata 1,50 euros. "Ese sería un prezo xusto e pagaríamos a metade do que pagamos agora", explicou Miguel Buján, tenente de alcalde.

Ademais, de cara ao segundo trimestre de 2016 o Concello deixará de pagar un 21% de IVE nas facturas do subministro de auga e pasará a pagar un 10%, tal e como lle corresponde aos servizos desas características. O contrato de Toques con Espina & Delfín ten vixencia ata o ano 2028. O executivo municipal decidiu renegociar as cláusulas e non resolvendo para evitar ter que pagar unha indemnización.

Santiso debate sobre a utilidade das Deputacións

A corporación de Santiso debateu sobre o futuro das deputacións ao fio dunha moción presentada polo PP para defender a permanencia "dun dos organismos que más necesitan os pequenos concellos", argumentou a voceira popular Matilde Pallares. O alcalde, Manuel Adán (BNG), que se declarou non defensor das deputacións, reconceu non obstante a necesidade de que exista algún organismo, como poden ser os consellos comarcais, que tutele aos pequenos concellos e que distribúa cartos "con criterios obxectivos e non discrecionalmente, como se fixo ata agora". O PSOE eludió pronunciarse sobre o tema "ata que nos digan o que vai haber". Nacionalistas e socialistas abstiveron na votación.

Os concellos multarán aos propietarios de vivendas con fachadas sen rematar

Facer unha casa e deixala a medias é un hábito común en Galicia que ten os días contados; a partir de agora os propietarios de vivendas inacabadas serán sancionados con multas que no peor dos casos poden sumar 25.000 € en 15 meses.

Serán os concellos os encargados tanto de instar a que se rematen as casas como de imponer as sancións correspondentes en caso de incumprimento, unha potestade que ata agora podían exercer libremente se querían pero que dende o pasado 19 de marzo, coa entrada en vigor da nova Lei do Solo de Galicia, se converteu nunha obriga. Con esta medida a Xunta de Galicia quere garantir que se cumplan uns mínimos en canto ao recebido exterior para evitar o impacto das vivendas inacabadas sobre "o patrimonio común".

A obriga de rematar as casas afecta tamén á cuberta e á carpintería exterior, é dicir,



As casas poderán quedar inacabadas por dentro pero non por fóra

portas e ventás. No caso de que os propietarios non atendan as ordes municipais para rematar as casas, o Concello imporá unha sanción de 1.000 euros. Se o dono da vivenda segue negándose a rematala, a multa duplicaríase cada trimestre ata acumular esa máximo de 25.000 euros en 15

meses. A lei permitelle ao Concello asumir as obras necesarias e pasarle a factura ao propietario.

Dende a Federación Galega de Municipios (Fegamp) pídenlle á Xunta que habilite unha liña de axudas económicas para os donos de vivendas sen rematar.

XI CAMPIONATO DE PESCA

9 ABRIL 2016



CEBO ARTIFICIAL
Inscripción: 20 €. con zonar incluido
Inscribirse chamando o: 696 60 73 48
Prazos limitados.

Para máis información: asociaciontraboceros@gmail.com



Axuda no Fogar de Santiso só dá cuberto o 20% de usuarios potenciais

O Concello de Santiso traballa na busca dunha fórmula que lle permita ampliar a cobertura do Servizo de Atención no Fogar (SAF) a persoas dependentes, que na actualidade só é capaz de cubrir o 20% dos usuarios que poderían beneficiarse del por cumpriren todos os requisitos esixidos.

A día de hoxe o SAF de Santiso atende a 20 persoas, mentres que 39 agardan en lista de espera. Non obstante, o goberno local estima que hai arredor de 40 persoas máis que ante a saturación do servizo decidiron acudir á iniciativa privada para cubrir as súas necesidades ou que, directamente, non reciben ningún tipo de atención: "temos a certeza de que son moitos os usuarios potenciais que xa desistiron de poder obter a prestación por mor dunha lista de espera longa que non se pode atender cos medios cos que conta o Concello", explica Beogoña López, concelleira socialista de Servizos Sociais.

A edil recoñece as deficien-



cias existentes, que achaca aos "recortes brutais da Xunta de Galicia" xunto co avellentamento da poboación, cunha idade media no municipio de 54 anos, e considera que poder atender "coa maior calidade" un servizo tan demandado "é vital" para concellos como Santiso.

Con ese obxectivo e o propósito de reducir as listas de espera, no punto de mira da concellería de Servizos Sociais

está a creación dun centro de día en Visantoña, unha medida que xa figuraba no programa electoral do PSOE de Santiso e que lle foi trasladada recentemente ao presidente da Deputación da Coruña no transcurso dunha reunión que mantivo cos membros do bipartito local. Dito centro, que incluiría servizo de transporte público, habilitaríase no colexiño de Visantoña, a día de hoxe pechado e sen uso.

Toques sacará a concurso este mes de abril a limpeza dos edificios públicos

O Concello de Toques quere mellorar a limpeza nos edificios municipais e con ese obxectivo sacará de novo o servizo a concurso público este mes de abril. A tal efecto acaba de rescindir os dous contratos vixentes para evitar que se renoven automaticamente no mes de maio, data da súa finalización.

A día de hoxe estanse rematando de redactar as bases da convocatoria, que serán, segundo indicou o tenente de alcalde, Miguel Buján, "simples e moi concretas". O edil socialista adiantou que serán 25 ou 30 horas de traballo semanais e expresou o seu desexo de que "haxa autónomos de Toques interesados en presentarse para coller este servizo". Nesa liña manifestou que se trata dunha boa oportunidade para comezar un proxecto profesional que nun futuro poida de-



O Concello agarda que os veciños/as se presenten á convocatoria

rivar na creación dunha nova empresa no municipio.

Dende o equipo de goberno aseguran que a prioridade desta convocatoria é lograr "que empece a funcionar medianamente ben" un servizo que vén arrastrando dende

hai tempo numerosas deficiencias. De feito, segundo reconeceu o alcalde, José Ángel Penas, no mes de agosto o Concello tivo que facer "un desembolso extra" de cartos para manter en boas condicións de limpeza "certos edificios".

ORZAMENTO DO CONCELLO DE TOQUES PARA O ANO 2016

INGRESOS	
Transferencias correntes	609.944 €
Transferencias de capital	335.000 €
Impostos directos	196.500 €
Taxas e outros ingresos	75.551 €
Impostos indirectos	6.000 €
Ingresos patrimoniais	2.000 €
Activos e pasivos financeiros	0 €
TOTAL INGRESOS	1.224.995 €
GASTOS	
Bens correntes e servizos	501.750 €
Gastos de persoal	360.140 €
Investimentos reais	343.000 €
Pasivos financeiros	13.000 €
Transferencias correntes	5.000 €
Gastos financeiros	2.105 €
TOTAL GASTOS	1.224.995 €

O PAI permitirá rematar obras subvencionadas en Toques

Toques botará man do Plan de Aforro e Investimentos (PAI) da Deputación para completar o financiamento de obras subvencionadas sen ter que recorrer a fondos propios. En total o Concello solicitará algo máis de 37.000 euros ao abeiro deste programa, a través do que se conceden créditos sen intereses, con dous anos de carencia e un prazo de devolución de dez anos.

Eses cartos permitirán achegar a parte que se lle exixe á administración local para poder acceder a certas subvencións e programas de obras. Os traballos que se realizarán son a reparación de danos provocados polos temporais, a renovación da iluminación pública

de Brañas e outros menores en diferentes puntos do Concello. Por outra banda tamén se destinarán 52.940 euros a amortizar un préstamo asinado no seu día co Banco Popular e que se remataría de pagar no ano 2020.

A Deputación puxo a disposición de Toques 151.000 € que o Concello non pudo solicitar na súa totalidade para evitar a inestabilidade orzamentaria na liquidación de 2016, tal e como pasou na de 2015 polos elevados investimentos realizados polo anterior goberno. Sobre isto Mónica Penas, edil do PP, manifestou que "fixemos obras que agora vós non teredes que facer e que ademais ides inaugurar".

Últimas obras no Castelo de Pambre antes da apertura ás visitas en xuño

Acollerá un centro de interpretación con catro salas nas que se expoñerán as “xoias” atopadas durante a restauración

O Castelo de Pambre, en Palas de Rei, poderá visitarse en cuestión de semanas. Rematada xa a primeira fase de rehabilitación, os traballos entran na recta final co obxectivo de que o único castelo militar que Galicia conserva case intacto dende o medievo poida abrir as súas portas ao público no vindeiro mes de xuño.

Eses son os prazos que manexan a Xunta de Galicia, propietaria da fortaleza desde 2013, e o Concello de Palas de Rei, que se encargará durante polo menos un ano da xestión e do mantemento desta xoia da comarca da Ulloa. Na súa posta a punto a administración autonómica investiu 2,1 millóns de euros, logo de ter desembolsado 3,1 na súa compra.

Actuacións pendentes

A restauración, consolidación de muros e os accesos á edificación, declarada Ben de Interese Cultural e Patrimonio Histórico de España, xa están completamente rematados. Falta agora realizar actuacións menores para acabar de adeuar tanto o interior como o exterior.

Un dos traballos pendentes é a colocación de varandas nos desniveis que hai nos diferentes percorridos, que permitirán visitar dende as torres da fortaleza ata a vivenda dos caseiros, a capela ou os almacéns. Tamén será preciso sinalar os elementos singulares, colocar un pararrayos e instalar a iluminación exterior. Por último, está sen rematar a reconstrución e rehabilitación do hórreo

que existía no interior da fortificación e a cubrición das pasarelas exteriores para facer as visitas máis segura en días nos que o tempo sexa adverso.

Centro de interpretación

Ademais da edificación en si, cando o Castelo de Pambre abra as súas portas no mes de xuño os visitantes poderán acceder a un centro de interpretación distribuído en catro salas distintas. A primeira acollerá unha proxección multimedia e a seguinte ilustrará a relación do castelo co medio físico e natural, facendo especial fincapé na súa relación co Camiño de Santiago.

Na terceira sala incorporarase a información sobre a Idade Media galega relacionada coas familias nobiliarias



As obras de restauración comenzaron no ano 2014

e o poder eclesiástico e finalmente a última sala destinarase ao propio castelo e á súa historia ata o día de hoxe.

Os tesouros agochados

Nesa parte museística terán especial protagonismo as pezas históricas achadas durante a rehabilitación da fortaleza. As escavacións arqueolóxicas realizadas á par que as obras deixaron ao descuberto moitas sorpresas e restos de asentamentos anteriores: moedas,

cerámica, armas... de castreños, galaicorromanos e suevos. A isto súmase a aparición de tumbas escavadas na rocha, dentro e fóra da capela, con sepulturas con restos óseos. Entre os achados tamén está un pozo e un alxibe, cuxa descuberta permitiu desvelar o sistema de xestión de auga.

Preto de 14.000 persoas visitaban anualmente o Castelo de Pambre. Unhas 3.000 están xa anotadas agardando a súa reapertura.

Plagostel
H.R.S. [E17]-GAL-SPO
calidad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
986 118 714

HOTELES
ALBERGUES
CASAS RURALES
GIMNASIOS
BALNEARIOS
...

¿Necesitas cumplir con el Real Decreto 865/2003 por el cual se establecen criterios higiénico-sanitarios para la prevención y control de la Legionelosis?

AGACPRA
Asociación Galega de Control de la Prevención y la Seguridad en la Industria

AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso
C. 1678

Miguel Fernández López
C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º
Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004

MELIDE

Sobrado comeza a recibir fondos para o mosteiro trala declaración da UNESCO

A Consellería de Cultura destinará un millón de euros a realizar melloras no interior e no exterior do mosteiro de Sobrado. O investimento forma parte dun paquete de actuacións estratégicas que suman un total de 7 millóns de euros e coas que a Xunta de Galicia quere impulsar o Camiño do Norte e o Primitivo despois de seren declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO o pasado 5 de xullo.

As obras no mosteiro de Sobrado realizaranse en varias anualidades e irán encamiñadas en tres liñas diferentes: corrixir as humidades que afectan á estrutura, aquelar as torres (nas que medra a vexetación) e acondicionar a biblioteca. Precisamente esta última actuación foi unha das demandas que o prior do mosteiro, Carlos Gutiérrez, lle formulou aos representantes da Xunta o día en que se desprazaron a Sobrado para celebrar oficialmente a inclusión do monumento como ben singular dentro da declaración dos



O conselleiro de Cultura nunha visita ao mosteiro o ano pasado

camiños como Patrimonio da Humanidade. Tamén daquela o alcalde do municipio, Lisardo Santos, esixiu "un investimento acorde" ano novo status que adquiría o mosteiro.

As melloras comenzarán a materializarse tamén noutros monumentos das rutas xacobias, como a catedral de Mondóvedo, na que se actuará sobre a cuberta ao tempo que se revisará o estado de conser-

vación do mural. En Lugo as melloras centraranse na muralla, con obras que consolidarán a estrutura do denominado Cubo VI. Por outra banda na Fonsagrada rehabilitarase a coñecida como Casa Pasarín para construír un novo albergue.

Dende a administración autonómica aseguran que estas actuacións son só "o principio" de todo o que se vai facer.

Traballan na creación dunha ordenanza que regule a corta de árbores en Sobrado

A corporación de Sobrado aprobou por unanimidade impulsar a creación dunha ordenanza para regular a actividade das empresas madeireiras nos montes do municipio. Con este acordo retómase un proxecto que xa estivo enriba da mesa no anterior mandato, cando o PP estaba na alcaldía, pero que finalmente non chegou a materializarse, facendo de Sobrado o único municipio da comarca que non dispón dunha ordenanza para regular a corta de árbores.

A iniciativa partiu de Todos por Sobrado que presentou unha moción no pleno municipal ante "a necesidade de regular unha actividade que deixa danos importantes e moitas infraestruturas deterioradas cando remata", indicou a voceira do grupo, Chus García Souto, para logo engadir que "Sobrado precisa unha



norma que esixa avais, o manteemento dos camiños e o pago dunha taxa que contribúa a conservar as infraestruturas".

O alcalde, o socialista Lisardo Santos, manifestou que "iso é algo bo que queremos todos" e revelou que o equipo de goberno xa ten nas súas mans "un borrador de ordenanza" que lle remitirá en breve aos grupos políticos da oposición para que o analicen e fagan suxestións.

Pola súa banda o Partido

Popular pediu que mentres non estea vixente dita ordenanza se lle esixa ao Distrito Forestal de Ordes, dependente da Consellería de Medio Rural, que facilite periodicamente un listado cos permisos de corta concedidos para poder facer un labor mínimo de supervisión: "se non temos coñecemento de onde se está cortando é imposible controlar e incluso aplicar a futura ordenanza", explicou Jacobo Fernández.

Os troiteiros instalan unha nova pasarela nas Mazairas



Coincidindo co inicio da tempada de pesca a Asociación de Troiteiros "Río Furelos" instalou unha pasarela para salvar o canal do muíño das Mazairas, tamén coñecido como muíño de Albino.

Con esta ponte son xa nove as pasarelas colocadas nos últimos meses sobre o Furelos polos voluntarios da asociación. Non obstante, a diferenza das oito anteriores, elaboradas por eles mesmos de xeito artesanal, esta última foi de fabricación industrial e tanto para o seu transporte como para a súa colación foi preciso botar man dun camión

e dun guindastre. Dende o colectivo de troiteiros aseguran sentirse satisfeitos co traballo realizado e coas boas condicións nas que quedou o Furelos para a práctica da pesca: "aínda que non se pille unha troita é un luxo pescar aquí", expresan dende a directiva. Mostra da boa aceptación que ten o coto entre os troiteiros é o feito de que xa estean case esgotados os permisos para pescar no Furelos.

Coa instalación desta pasarela o colectivo deulle cumprimento a un dos puntos do convenio asinado pola asociación coa Consellería de Medio Ambiente en calidade de entidade colaboradora.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

O Concello de Sobrado creará un regulamento de participación ciudadá, tal e como aprobaron por unanimidade os tres grupos políticos da corporación a instancias de Todos por Sobrado. "Queremos que esa transparencia que todos levamos nos programas electorais sexa real e que os veciños teñan máis facilidade para acceder á información", expuxo a portavoz dos independentes, Chus García Souto. O alcalde, Lisardo Santos, deu o seu voto positivo pero manifestou que "os veciños xa teñen aos concelleiros para dirixirse a eles en calquera momento e facer suxestións". Dende o PP sinalaron que "os tempos están cambiando e algo fai falta regular".

Chuvia de ferreñas na XII Foliada para homenaxear as pandereteiras

Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre poñeranlle o peche a tres días de festa nos que se estreará unha curtametraxe

Abril é mes de auga, especialmente en días de foliada, pero este ano só choverá música en Melide; a que saia do repenigar das ferreñas, convertidas en elemento simbólico dunha Foliada que quere render homenaxe este ano á figura das pandereteiras collendo como eixo central da súa duodécima edición este elemento tan representativo.

Ferreñas no cartel e no programa de man (pequenas obras de arte que a deseñadora Caridad Rodríguez Pazo vai sumando ano tras ano), ferreñas nas camisetas, ferreñas nas

chapás, ferreñas nas mochilas. A Foliada de 2016 vai ser unha chuvia de ferreñas e só elas serán quen de empapar aos centos de persoas que se acheguen a Melide os días 22, 23 e 24 de abril para gozar dunha das citas más importantes que se celebran en Galicia arredor da música e do baile tradicional.

Nada queda á improvisación na Foliada e por iso o fio argumental da pandeireta serve tamén para fiar un programa de actuacións "moi completo e para todos os públicos" que non podería ter a ninguén mellor para o concerto

principal que a *Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre*, once percusionistas e cantoras que acompañarán o domingo á noite sobre o escenario ao ex compoñente de Berrogüeto para presentar en Melide o seu último disco, *The tambourine man*, no que engade un enfoque vanguardista e diferenciado á música popular.

Na véspera, o sábado 22, actuarán como peche de xornada e despois do serán os *Falperrys*, un grupo vigués de punk folk. Estarán acompañados por *Os d'Abaixo*, coa súa música cargada de enerxía que



Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre

leva ao baile e á foliada ao xeito de antes. Como inicio de festa tocará o venres a partir das 22:00 na Casa da Cultura *Cantata Vernácula*, que achará o folk ao público en clave de humor.

Pero a Foliada non só é música: é o concurso de cantos de

taberna, con 19 grupos participantes; o serán, con outros 15; as exhibicións de baile, a mostra de artesanía, os cabezudos, a marcha gaiteira ou a animación de rúa. Ingredientes suficientemente atractivos para desexar que chova canto queira (sempre que non sexa auga).

O tesouro da ferreña, curtametraxe exclusiva para unha foliada

A Asociación Cultural "O Castelo", como entidade organizadora dun evento en constante progresión e busca de horizontes, embarcouse este ano nun novo proxecto para a Foliada: a gravación dunha curtametraxe que leva por título "*O tesouro da ferreña*" e que será presentada o venres 22 na Casa da Cultura de Melide.

Este traballo, dirixido por Patricia Coucheiro, profesional do sector audiovisual e especialista en dirección cinematográfica, reflicte á perfección o espírito que caracteriza a Foliada, pois é tamén o

resultado dun esforzo colectivo no que se implicaron "moitos amigos e amigas que se prestaron a colaborar desinteresadamente tanto diante das cámaras coma detrás". Así o explican dende a organización da Foliada, cuxos membros aseguran ter posta "moita ilusión neste proxecto ao que lle desexamos que teña un longo percorrido".

Polo de agora, á espera da estrea, pouco se sabe sobre o argumento desta curtametraxe más cás pistas que poida dar o título e as fotografía publicadas nas redes



Algúns dos protagonistas da curtametraxe nun momento da gravación

sociais. As últimas escenas graváronse a finais do pasado mes de marzo en Visan-

toña. Na actualidade estase rematando o proceso de postproducción.



**HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE**

Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo

Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98

Web: www.balnearioriopambre.com



18 Publicidade

Cerne 123. Abril 2016

MIS MEJORES LABORES

Avenida de América, 3 MELIDE
Tlf.: 657 435 699

Síguenos en

Lolittos **Calvin Klein** **TOMMY HILFIGER**

ÚLTIMA UNIDAD !!

199 EUROS

- BOXERS
- PIJAMAS
- SUJETADORES
- BRAGAS
- BAÑADORES
- CHANCLAS

EN ESTAS DOS MARCAS:
2^a UNIDAD - 70%
HASTA EL 31 DE ABRIL

ILUSTRE COLEGIO DE ODONTOLOGOS Y ESTOMATOLOGOS DE A CORUÑA

Ana Marcos Cardo
Odontóloga

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05

Tu Boutik

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394
tuboutik@hotmail.com

Te casas? Te gusta vestir bien?
Elijas la opción que elijas

"Tu Boutik"

Te acompañará tanto en tu gran día
como el resto del año

Ropa de ceremonia para señora y caballero

Proxectan a creación dun museo de arte sacra na capela de Santo Antón

Albergaría as pezas de valor que están desprotexidas nas igrexas

O Museo da Terra de Melide quere medrar e ideas para a súa expansión non faltan. Están todas na cabeza de Xosé Manuel Broz, director dun centro que mira ao futuro coa intención de "sacarle un pouco máis de brillo" ao rico patrimonio co que conta Melide. "O museo xa está montado e agora o que fai falta é expansión, porque a vila pode ser outra cousa", asegura Broz, "podemos abrir máis centros porque estamos respaldados polos socios, polo pobo e polo patrimonio que hai arredor".

Os proxectos da galería melidense a curto prazo pasan por abrir un novo museo, dedicado exclusivamente á arte sacra, na Capela de Santo Antón; unha iniciativa dirixida a poñer en valor tanto a propia igrexa como un elevado número de "pezas singulares" con alto valor artístico e económico que permanecen indebidamente custodiadas en diferentes templos da vila. "Temos que ser responsables co patrimonio que herdamos", asevera Broz, quen xa iniciou contactos tanto coa igrexa como co Concello de Melide, dous organismos cuxa colabo-



O interior da capela de San Antón habilitaríase como museo

ración resulta determinante para poder facer realidade o proxecto.

A xuízo de Xosé Manuel Broz sería a sanxristía da capela o lugar máis axeitado para garantir "unha boa exposición e conservación das pezas", que estarían dentro de vitrinas e protexidas con alarma. O persoal do actual museo encargáriase tamén de atender o de arte sacra.

Nun horizonte menos próximo vislumbra Broz outro proxecto igual de factible que completaría a trilogía museís-

tica de Melide cun centro máis na casa da Praza das Coles, edificio que a Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo lle cedeu ao Concello. Este terceiro museo acollería documentación e fotografías relacionadas coa historia medieval da vila e co Camiño de Santiago.

Por outra banda sería tamén un museo dedicado á repostaría tradicional no que se darían a coñecer os tres doces típicos de Melide e no que mesmo se instalaría un forno para recrear os procesos de elaboración.

Pulpigrino promociona Melide na rede cunha serie web gravada no Camiño

Consta de 8 capítulos que se están a emitir a través de YouTube

Hai aproximadamente dous anos que se botou a andar cos seus tentáculos polo Camiño Francés adiante promocionando as bondades do patrimonio cultural, gastronómico, histórico e natural de Melide. As cámaras foron testemuñas do seu periplo dende o Cebreiro ata Santiago e agora Pulpigrino, a mascota nacida dunha campaña municipal de promoción turística, presenta o resultado ante o mundo.

Ese non é outro que unha serie web de baixo custo que consta de oito capítulos e que

se está a emitir a través da canle que o propio Pulpigrino ten en YouTube. As emisións comenzaron o 11 de marzo e ata hoxe lévanse emitidas catro entregas nas que o primeiro pulpo en facer o Camiño amosa as vilas do Cebreiro, Triacastela, Sarria e Portomarín respectivamente.

No seu percorrido pola ruta xacobea Pulpigrino estivo acompañado por Jordi Santos, produtor da serie web e persoal á que o ex edil de Turismo, Santos López, lle confiou en 2014 a realización deste pro-

xecto que ten por obxectivo principal conseguir que Melide se converta en lugar de parada e non só de paso para os miles de peregrinos que fan o camiño.

Inicialmente Pulpigrino foi concibido como un logotipo deseñado para promocionar Melide como capital do pulpo no Camiño pero posteriormente foi evolucionando ata converterse no produto audiovisual que agora mesmo se está executando. Ademais da canle de YouTube, Pulpigrino tamén ten páxina web e actividade nas redes sociais.

Fátima Lea abandona o Luar



Momento dunha actuación de Fátima Lea no programa Luar

A cantante melidense Fátima Lea decidiu por vontade propia abandonar o concurso Recantos e deixar de representar a Galicia centro no programa Luar da TVG. A noticia dábaa a coñecer ela mesma a través dunha breve mensaxe feita pública no seu perfil de Facebook na que pedía desculpas "por non saber seguir para adiante" e na que agradecía o apoio da xente que "a pesar de todo segue apostando por min". Segundo explicou, o abandono veu motivado por non ser capaz de conseguir o seu obxectivo, que era "pasalo ben e ensinar a miña voz", escribiu a cantante, que días máis tarde engadiu na mesma conta: "non necesito as regras de ningún programa para saber que sodes a miña xente e proximamente veredes máis loucuras das miñas". Fátima Lea, que xa estaba clasificada entre os oito finalistas, tiña previsto actuar de novo o día 9 de abril interpretando a canción "Carmen de España" na versión de Rocío Jurado.



A Festa do Melindre é un dos eventos promocionados por Pulpigrino



Rolda de prensa de presentación de Pulpigrino, no ano 2014

O reto solidario de Corbalán recalca en Melide de man do Obradoiro

A vila de Melide foi por segundo ano consecutivo un dos escenarios do proxecto solidario que o club de baloncesto compostelán Obradoiro pon en marcha arredor do Camiño de Santiago co obxectivo de recadar fondos e promover o deporte de base.

El Camino acaba en Obradoiro, como foi bautizada esta iniciativa, abrange diferentes actividades arredor da historia de sacrificio e superación dun xogador de baloncesto realizando a ruta xacobeira. Eses valores encárnaos á perfección o protagonista escollido para esta edición, José Antonio Corbalán, unha das figuras más importantes do baloncesto europeo na década dos 80. Base do Real Madrid durante a práctica totalidade da súa vida deportiva e compañoiro de época doutros grandes como Epi, Iturriaga ou Fernando Martín, contribuíu a unha das épocas douradas do ba-



Corbalán e Indio Díaz cun afeccionado en Guntín

loncesto español, destacando sempre polo seu liderado e carácter competitivo.

Agora contribuirá tamén con esta nova experiencia a recadar fondos para a creación da "Bolsa Corbalán" por parte da Fundación Hércules, que traballa na potenciación da práctica do baloncesto en Galicia a través das categorías base do Obradoiro.

Parada en Melide

Corbalán fixo o Camiño Primitivo en seis días e chegou a Melide o 22 de marzo despois de completar a etapa máis longa da ruta; 26 quilómetros que deron comezo en San Román da Retorta (Guntín).

No percorrido estivo acompañado polo director xeral do Obradoiro, José Luis Mateo, e tamén polo

seu amigo e ex compañoiro madrileño Indio Martínez, que se embarcou na aventura a petición do propio Corbalán.

Acompañounos en todo momento un nutrido equipo técnico que foi documentando o día a día do base internacional. Nun futuro próximo elaborarase un documental completo sobre a experiencia ao igual que se fixo o ano pasado coa protagonizada polo norteamericano Terry Porter.

Anécdotas no Camiño

A peregrinación de Corbalán cara a Melide non estivo exenta de anécdotas, algunas más agradables ca outras. A nota positiva púxoa un veciño da parroquia de San Román, en Guntín, que saíu ao encontro dos xogadores para que lle asinasen un álbum de cromos da tempada 84/85.

Na outra cara da moeda Corbalán, que é médico de profesión, confirmou a morte dun octoxenario da parroquia palense de Merlán que sufriu un accidente co tractor que conducía en pleno Camiño, quedando atrapado debaixo del.

ADOPCIÓN DE CANS ABANDONADOS

Axúdalles a atopar o fogar que merecen

Se queres poñer un can na túa vida, ven a coñecernos. Temos a túa mascota ideal.

ACOLLE CON RESPONSABILIDADE



DORA

Cadela mestiza podenco de algo máis dun ano e 8 kg de peso. Moi doce, dinámica e cariñosa



ALBA

Cadela mestiza de un ano de idade e 5 kg de peso. Carácter moi tranquilo.



LISA E MAGUI

Cachorras mestizas tipo bóxer. 2 meses e medio. Rebuldeiras e cariñosas

Tlf. de contacto:
639 97 10 05

Visita a páxina de Facebook
"CANS PERDIDOS EN MELIDE"
para obter máis información

Loito na Banda de Visantoña

Xosé Núñez, presidente de honra da Banda de Visantoña



O pasado mes de marzo, finou en Bilbao o que fora, durante moitos anos, primeiro trompetista da Banda-Escola de Música de Visantoña, Xosé López Bermúdez; coñecido tanto en Visantoña como en toda a comarca por "Xosé de Agustín".

Xosé López Bermúdez era neto por vía paterna de Ramón López Soto, fundador no ano 1877 da Banda Popular de Música de Visantoña e persoa que a dirixiu durante cincuenta anos. Xosé López foi tamén un gran músico e exerceu ata o mesmo día do

seu pasamento en Visantoña.

A vida do agora xa falecido "Xosé de Agustín" foi dunha entrega total á Banda Popular de Música de Visantoña, destacando como trompetista da mesma ata que no ano de 1947, por falta de director, colle el a batuta.

A agrupación musical pasaba por un momento difícil naqueles intres, pois viña de producirse unha segunda escisión ao marchárense os músicos de San Román coa finalidade de formar unha orquestra propia. A Banda quedou reducida a menos de vinte

compoñentes.

Pero Xosé López Bermúdez, que levaba no sangue a música, á que se dedicou case exclusivamente dende neno, non se acovarda e segue para diante ata 1952. Ese ano casou coa agora viúva Xulia Pampín Fernández, veciña por entón de Visantoña, filla do que fora o mellor Mestre Nacional Xosé Pampín Pomar (oo que tanto lle debemos varias xeracións), orixinario da parroquia melidense de Furelos.

Nese mesmo ano de 1952 "Xosé de Agustín" e máis a súa dona Xulia Pampín deciden emigrar para Bilbao, por cuxa circunstancia deixa el a dirección da "súa" banda. Dado o seu nivel profesional como músico, non lle foi difícil entrar a formar parte da Banda de Música Municipal da capital biscaíña, na que seguiu tocando a trompeta ata a súa xubilación.

A ruta cabalar de paisaxe envexable

O Concello de Santiso acolleu o primeiro sábado de abril unha nova edición da ruta cabalar organizada pola asociación de xinetes "Cabaleiros do Pantano". Foi o terceiro ano que se realizou esta actividade que non deixa de medrar en número de participantes e que ten na beleza paisaxística do percorrido un dos seus principais activos. A ruta tivo unha duración aproximada de cinco horas nas que se percorrerón 25 km con punto de saída en Visantoña. Ao longo da xornada realizarónse dúas paradas, unha en Beigondo e outra na Devesa, na que os cabaleiros puideron beber e tomar uns petiscos. Á súa chegada todos os participantes compartiron unha cea no pavillón de Visantoña.

Unha das novedades deste ano estivo no percorrido, que a organización decidiu acortar e modificar na súa parte final para evitar algunas costas e puntos complicados. Na ruta participaron xinetes de todas as idades, algúns chegados de Muros, Vimianzo, Laracha ou Ponteceso.



Cabaleiros da Ulloa



Cabaleiros da Ulloa



Cabaleiros da Ulloa

Debut de ouro para Diego Vázquez no nacional de loitas olímpicas

Diego Vázquez, discípulo de Escuela Ayude, foi a estrela da selección galega no Campionato de España de Loitas Olímpicas que se disputou o 2 de abril en Pontevedra. Malia ser a primeira vez que participaba nunha competición de ámbito nacional, conseguiu facerse con dous ouros; un na disciplina de loita grecorromana e outro na de loita libre olímpica. Os seus triunfos foron determinantes para que a selección galega conseguise obter o bronce por equipos.

Ademais do éxito de Diego Vázquez na categoría escolar, tamén tivo un papel destacado na categoría júnior Aron Ayude, que conseguiu unha prata en grecorromana deixando no camiño a loitadores que adestraron en centros de alto rendemento.



Deportistas de Ayude que formaron parte da selección galega

O Furelos, río bo e xeneroso



O río Furelos non deixa de dar sorpresas agradables, a última delas en forma dun récord difícilmente repetible: tres afeccionados á pesca lograron capturar no mesmo día outras tantas troitas con máis de 60 centímetros de longo e cun peso superior aos 2 kg. Tres troitas en tres horas para tres pescadores: a máis madrugadora foi capturada no Pozo de Luzdivina pouco despois

das 9:30 por un afeccionado da Coruña que por primeira vez conseguira coto para pescar no Furelos, despois de telo intentado en varias ocasións. Ás 11:30 un veciño de Ferrol nativo de Melide pillaba na presa das Mazairas outro exemplar de récord. O "hat trick" completouno Carlos Lamas, de Sobrado, cunha captura semellante na Balsa dos Frades.

**2º CAMPEONATO DE TUTE
COMISIÓN DE FESTAS DE
SANTA MARÍA - MELIDE**

Inscripción: 50€ parella.
Teléfonos de inscripción: 687 796 751 - 617 178 546 - 687 013 039

PREMIOS

1000€ +trofeos	500€ +trofeos	250€ +trofeos
-----------------------	----------------------	----------------------

PREMIOS REPESCA

2 XAMÓNS +trofeos	2 CAIXAS VIÑO +trofeos
--------------------------	-------------------------------

CEA GRATIS PARA OS PARTICIPANTES

sábado 9 abril 2016
Hora de comenza: 5 da tarde.

Pazo de Congresos de Melide

Máximo de participantes: 64 parellas. Si o número de participantes non alcanza o límite de parellas os premios correspondentes serán proporcionalmente aos participantes.

Organiza: COMISIÓN DE FESTAS DE SANTA MARÍA DE MELIDE 2016 | Colabora: CONCELLO DE MELIDE | Apadrina: ANGEL SEOANE MELIDE - PONTEVEDRA - Tfno. 986 477 380

Documentos libres

Rafael Rodríguez Gaioso, enxeñeiro informático

O pasado 30 de marzo celebrouse o Día do Documento Libre (Document Freedom Day). Unha campaña internacional para celebrar e dar a coñecer os estándares abertos.

¿Recordas a última vez que che enviaron un documento importante ao teu ordenador e non fuches capaz de abrirlo? Ou que levas a túa presentación a outro ordenador, e non se ve igual que cando a fixeches. Isto ocorre miles de veces cada día, e xante podes imaxinar a cantidade de tempo que perdemos con este problema. Esta incompatibilidade está causada polo formato «secreto» no que se gardan eses documentos, e que só coñece o propietario do programa informático utilizado. Ata pode ocorrer que usuarios do mesmo programa, pero con diferentes versións, teñan problemas para com-

partir os seus documentos. E cal é a solución? Pois, na medida do posible, gardar os nosos traballos nun formato aberto, que non dependa do programa informático co que foron feitos.

Moi ben, e que son os estándares? Pois aquilo que fai que os semáforos teñan a cor vermella na parte superior, e a verde na inferior. Ou que cando vaimos mercar papel para a nosa impresora só teñamos que pedir un paquete de folios en A4, ou nalgúns casos, A3. Ou, imaxínate que no teu barrio as bocas de incendio tiveran un diámetro diferente ao resto da cidade, vale... mellor non pensalo ;-. Trátase de unificar medidas, formatos, características, etc... para que como usuarios non teñamos que preocuparnos dos detalles técnicos.

É por isto que son tan

importantes os estándares abertos, xa que posibilitan que calquera fabricante de software poida facer programas que gardan os documentos nun formato compatible co resto de aplicacións. Deste xeito, o intercambio de documentos entre usuarios non dependerá do programa que empregues para crealo.

Se falamos de aplicacións de uso ofimático, as últimas versións de Microsoft Office son compatibles co estándar ODF, pero recomendo empregar outras ferramentas como OpenOffice ou LibreOffice, xa que fan un uso nativo deste estándar aberto. En todo caso, se queremos compartir un documento con outra persoa con certa garantía de que o poida visualizar sen problema, debemos enviarlo en formato PDF.

Pero non nos centremos só



nos documentos. Unha das claves do éxito de Internet é que o seu funcionamento interno está publicado baixo estándares abertos. Todos os protocolos de comunicación que se empregan para que a

información viaxe ao longo do planeta son públicos. Isto quere dicir que Internet non pertence a ningunha compañía e ninguén posúe baixo chave a fórmula secreta que permite o seu funcionamento.

O negocio das sementes

Iria Buxán Raposo, polítologa e emprendora

“Dez empresas dominan o 75% do mercado mundial de sementes”. Neste momento de semienteira, esta afirmación pode chamar más ou menos a atención de calquera de nós e resultar cando menos, curiosa. Mais o que encerra esta afirmación, extraída do informe de organizacións internacionais “Vía Campesiña”, que reúne movementos rurais de todo o mundo, é o aumento incontrolado e asoballador de grandes multinacionais que, ao abeiro da clase política, promoven leis que privatizan as sementes e fomentan o cultivo de transxénicos.

A multinacional americana Monsanto, que xa iniciara a súa controvertida actividade empresarial pola Segunda Guerra Mundial, é a cara máis dura desta descoñecida e perigosa realidade. Monsanto leva décadas experimentando e lanzando ao mercado creacións con elementos de demostrada toxicidade: aspartamo, sacarina,

hormonas de crecemento bovino, etc...

Os cultivos xeneticamente modificados, que veñen sucedéndose desde a década dos anos 90, xurdiron inicialmente da necesidade de facer máis resistentes os cultivos, para iso, introduciuse ADN de fontes estrañas de forma que a planta era capaz de auto producir un pesticida que mataba os animais que as comían e que se mantiña incluso durante o procesamento do produto chegando así ao consumidor final. De feito, diversos estudios científicos afirman que o aumento desproporcionado de algunas enfermidades débese ao consumo de estos

produtos tóxicos e carentes de nutrientes que se poden atopar nos estantes de todos os supermercados.

Estas alteracións xenéticas tamén perseguen a “esteriliza-



ción” das sementes para que non xermen obrigando aos agricultores a mercalas cada ano. E isto ten un efecto altamente negativo; xa que o vento e outros axentes polinizadores transportan estas mutacións xenéticas de Monsanto ao resto da natureza modificando os ciclos de cultivo e compromete-

tendo o ecosistema global.

Monsanto tamén exerceu sobre a Unión Europea unha forte presión para a introdución destes novos cultivos transxénicos mais só conseguiu introducilos, grazas ao apoio da clase política, en Portugal e España, onde só nestes dous países se poden atopar a día de hoxe estes cultivos tóxicos, entre outros de millo forraxeiro e tomate.

Por iso é crucial que nos interese mos por esta cuestión cando merquemos unha carpeta de sementes ou cando merquemos froitas e verduras procesadas no supermercado. Para iso, pódese consultar en internet a relación de marcas e nomes comerciais coas que Monsanto e outros xigantes comercializan estes produtos tóxicos e canceríxenos.

Xa que coas nosas accións non só estamos asegurando unha saíde de calidade mais tamén unha contorna libre de axentes tóxicos que non entende de

fronteiras.

A libre troca de sementes permitiu non só alimentar ao mundo mais tamén a adaptación dos cultivos ás diferentes condicións climáticas e do solo. Unha alternativa saudable e respectuosa é alentar novamente a troca de sementes de variedades vexetais autóctonas, que son o froito do traballo de selección de anos dos produtores, e que acostuman ser garantía de adaptación ao medio o que permite reducir os custos de producción. Ademais contan de forma natural con xenes de resistencia a enfermidades e paralelamente conteñen substancias beneficiosas para o noso organismo. No caso galego, moitas variedades locais están en perigo de desaparición por falla de relevo xacional e sobre todo, pola falla de publicidade e descoñecemento en xeral.

Con todo, cómpre salientar o aumento de iniciativas a prol do troco de sementes para a creación de marcas de calidade, con produtos diferenciados e especialmente orientados ao cultivo ecolóxico como as que poden atoparse na páxina web de rede galega de sementes.

JUAN JOSÉ SEGADE VILAR “SANDO”, RECAMBIOS SANDO

“Teño case de todo para os coches pero quero especializarme en freos e filtros”

Nunca é tarde para emprender. Iso sábeo ben Juan José Segade, máis coñecido en Melide como “Sando”, que logo de media vida traballando no sector dos recambios para automóbiles e superada a barreira dos 50, decidiu sen medo lanzarse a unha nova aventura e montar o seu propio

negocio. Abriu as portas hai pouco máis dun mes na Avenida de Lugo coas garantías que lle dá coñecer tan ben o sector, os provedores e o mercado, pero buscando novos camiños para diferenciarse da competencia e “non ter ningunha falta cando o cliente entre na tenda pedindo algo”.

- **Como foron os seus comezos no sector dos recambios?**

-**Juan José Segade (J.S.):** Empecei no ano 1990, cando casei. Captoume meu sogro para o seu negocio, Recambios Ángel, e botei nove anos traballando con el ata que nolo cedeu a outro socio máis a min. Rexentámolo durante 17 anos e despois dese tempo decidimos que cada un fose polo seu lado e aquí estou, montando un negocio novo con 53 anos. Foi o que fixen toda a vida e non se me pasou pola cabeza empezar en algo diferente.

- **Sorpréndelle á clientela velo detrás dun mostrador novo?**

-**J.S.:** Non moi. Aínda que hai pouco máis dun mes que abrín, o letrero xa leva moito tempo posto e a xente de Melide sabía quen estaba detrás do novo negocio. Aínda así estou facendo visitas a distintos puntos da comarca para dar a coñecer a tenda e os servizos que ofrezo. De todas formas boa parte do traballo está feito porque levo neste sector 25 anos e xa levo coñecido moita xente. Iso axuda moi.

- **Non pensou que neste sector hai moita competencia en Melide?**

-**J.S.:** Tendas de recambios de automóbil realmente hai tres, pero despois están os talleres e desguaces, ademais de casas comerciais de fóra moi fortes que son unha competencia moi dura porque ofrecen un servizo prácticamente impecable. Hoxe en día en dúas ou tres horas tes aquí calquera tipo de peza. Na miña tenda tamén as podo conseguir, pero esa competencia que vén de Santiago, de Lugo e da Coruña é difícil



“Sando” especializará o seu novo negocio en freos, filtros e aceites

de contrarrestar nun negocio deste tipo.

- **Con ese panorama complicado, cales son as claves para sacar o negocio adiante?**

-**J.S.:** Unha das claves é intentar ter no momento o material que demanda o cliente, dentro do que é o parque automobilístico que se move aquí. Evidentemente hai algúin tipo de pezas que non se teñen na tenda e se alguén as demanda conséguense no menor prazo de tempo posible. Outra das claves é especializarse. Eu quero especializarme en freos e en filtros, que son os dous campos aos que estou enfocando o negocio. Xa a día de hoxe, que acabo de abrir coma quen di, dispoño do 80% das marcas de pastillas de freo que hai no mercado. Aínda así tanto niso como nos filtros

sigue traballando para non ter ningunha falta cando o cliente entre pola porta pedindo algo. Tamén me preocupei por ter unha gama ampla de aceites, que sexan bos e competitivos en prezo.

- **Ten tamén recambios para maquinaria agrícola?**

-**J.S.:** Si, aínda que o fundamental son os recambios de automóbil, tamén temos algo de material para o sector agrícola: pezas básicas que calquera cliente do medio rural pode vir buscar á tenda para logo facer o arranxo el mesmo na casa sen depender dun profesional que llo faga. E logo tamén temos accesorios de xardinería para desbrozadoras, cortacéspedes e demás maquinaria deste tipo...

- **Que tipo de pezas ou produtos son os que teñen**

máis saída?

-**J.S.:** Aceite, filtros e pastillas de freo, xunto coas lámpadas, aínda que hoxe en moitos casos para colocar unha lámpada nova case hai que ser enxeñeiro. Moitos coches hainos que levar ao taller porque ata lles hai que quitar a batería. Hoxe en día hai moita xente que fai o mantemento dos seus vehículos na casa, ou busca ao típico amigo “manitas” que lle cambia o aceite, as pastillas, os filtros... esas cousas teñen bastante saída e despois tamén o típico bote de xampú para lavar o coche ou produtos como anticonxelante, baterías, escobillas, correas, rodamentos ou pinturas para as rascaduras.

- **Coincide coa idea de que as tendas de recambios e as de segunda man foron as únicas que resistiron**

“Hoxe en día moita xente fai o mantemento dos vehículos na casa ou avisa ao amigo manitas”

“A crise fixo que moitas familias prescindisen do segundo coche e iso notouse no noso sector”

a crise?

-**J.S.:** Eu penso que non se salvou ningún; o consumo baixou moito e aínda agora está o panorama bastante parado. Non hai moita alegria. Nós fomos os últimos en notar a crise e penso que tamén seremos os últimos en notar a recuperación. Agora hai menos coches para arranxar e polo tanto nas tendas de recambios tamén diminuíron as vendas. Nesta zona, por exemplo, eu percibín que o segundo coche que había na casa, o que era antigo e se ía amañando, ao chegar a crise desapareceu. En moitas casa que había dous vehículos quedaron con un só e iso notouse.

Recambios Sando

Tlf: 981 50 54 19
Avenida de Lugo, 4



XII
edición
2016

22/23/24
ABRIL

FOLIADA DE MELIDE



VENRES 22 CANTATA VERNÁCULA

SÁBADO 23 SERÁN
OS D'ABAIXO | FALPERRYS



DOMINGO 24 XABIER DÍAZ
& ADUFEIRAS DE SALITRE

ARTESANÍA | ANIMACIÓN DE RÚA | OBRADOIROS